



RESOLUCIÓN do 23 de outubro de 2019, da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña, pola que se publica a relación provisional do proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de anémone ao abeiro do plan de xestión para o recurso específico anémone, modalidade de mergullo en apnea, da confraría de pescadores de Palmeira aprobado para o ano 2019.

• **Antecedentes.**

1. A Orde de 20 de decembro de 2018 pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos en Galicia para o ano 2019 (DOG núm. 246, do 27 de decembro de 2018), aproba o plan de xestión para o recurso específico anémone, modalidade de mergullo en apnea, da confraría de pescadores de Palmeira (artigo 7, cadro F), que inclúe a incorporación de tres (3) embarcacións e sete (7) cupos para mergulladores.

2. A resolución do 27 de setembro de 2019 da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña inicia o proceso selectivo para o outorgamento das prazas aprobadas no plan de explotación, e establece un prazo de 15 días hábiles para a presentación das solicitudes.

• **Consideracións legais e técnicas**

A esta convocatoria preséntanse tres (3) embarcacións para o outorgamento a tres (3) embarcacións da modalidade de anémone con sete (7) cupos para mergulladores. As embarcacións están asociadas á confraría de pescadores de Palmeira e teñen o porto base en Palmeira:

- ANDURIÑA 3ª VILL-1-4495, o titular do permiso de explotación é Eloy Patiño Casais. (DNI:52.933.782H).
- CRUZ DE COUSO 3ª VILL-1-4666, o titular do permiso de explotación é Manuel Patiño Rey (DNI:52.458.101T).
- VAMOS 3ª VILL-1-4607, o titular do permiso de explotación é Alberto Grossi Dopico. (DNI:44.808.970W).

Todas as embarcacións teñen o permiso de explotación vixente para toda a súa vida útil e compren os requisitos sinalados para obter a modalidade do recurso específico anémone (artigo 25 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia).

As tres embarcacións deberan presentar a documentación que acredite o número máximo de tripulantes autorizados na embarcación.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal 2 - 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000 Fax: 981 182 228



A pesar de que o número de solicitudes é igual ao número de modalidades ofertadas polo que non sería necesario aplicar o baremo de selección de embarcacións (Anexo I A.1, *Resolución do 4 de maio de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específico no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos*) (DOG n. 91, 13/05/2016), o número de cupos solicitados excede aos ofertados nesta convocatoria polo que é necesario aplicar o baremo.

Esta xefatura territorial é o órgano competente para o outorgamento da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións de conformidade co establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

Admitir na lista provisional ás tres embarcacións presentadas a esta convocatoria, para obter cada unha delas a modalidade de anémone no permiso de explotación:

Anduriña (VILL-1-4495), Cruz de Couso (VILL-1-4666), Vamos (VILL-1-4607).

A adxudicación do número de cupos para os mergulladores dependera por orde de puntuación, do número solicitado polo armador, do número máximo de tripulantes autorizados na embarcación, do rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación de tripulación enrolada nela e das certificacións profesionais. O número mínimo de cupos autorizado por embarcación é dous (2).

Contra esta relación provisional, as persoas interesadas poderán presentar ante a xefatura territorial cantas alegacións consideren oportunas no prazo máximo de quince (15) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

Esta resolución tamén estará exposta, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Palmeira e na xefatura comarcal de Ribeira.

O xefe territorial
Juan Carlos Barreiro González



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal 2 - 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000 Fax: 981 182 228



Palmeira. Listaxe provisional das puntuacións obtidas polas embarcacións admitidas para ou otorgamento da modalidade de anémone											
Embarcación	Matricula	Experiencia profesional do armador d.1	Habitualidade da actividade pesqueira d.2	Antigüedad da embarcación d.3	Nº artes d.4	Formación do persoa armadora d.5	Ter mulleres enroladas d.6	Total			
Cruz de Couso	VILL-1-4666	0	2,5	3	0,5	0		0		6,0	
Anduriña	VILL-1-4495	0	0	3	1	1		0		5,0	
Vamos	VILL-1-4607	0	0	0	0	0,5		0		0,5	



Xacobeo 2021

